



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2020. (EXPEDIENTE 2020/G010/000009)**

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:34 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

**Señores Asistentes:**

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)  
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)  
Dna. Rocío López Rey (PP)  
D. Jesús Souto Pena (PP)  
D. Ramiro Bello Recouso (PP)  
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)  
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)  
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)  
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)  
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)  
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)  
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)  
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)  
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)  
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)  
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade..

Comézase a sesión dando lectura a declaración institucional sobre a violencia de xénero con motivo da celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero o 25 de novembro de 2020.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*“Con motivo da celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero, o Concello da Laracha reitera o seu compromiso coa construción dunha sociedade igualitaria e libre de violencias machistas. En liña co marco xurídico internacional, reafirmamos o vínculo existente entre a discriminación e a desigualdade por motivos de xénero coa violencia contra as mulleres, que entendemos como unha violación dos dereitos humanos.*

*A pandemia golpeou dobremente ás mulleres que se atopaban en situación de vulnerabilidade, xa que as medidas de confinamento aumentan o poder e o control daqueles que converten os fogares en lugares inseguros. Por iso é urxente combinar as normas que procuran frear a propagación do coronavirus e a capacidade de resposta do sistema sanitario coa erradicación das condutas que reproducen e perpetúan a desigualdade e coa protección das persoas que sofren as súas consecuencias.*

*Desde o Concello da Laracha asumimos a nosa responsabilidade social e política contra a lacra das violencias machistas e comprometémonos a continuar traballando na articulación da mellor das respostas municipais posibles tanto para a prevención como na detección temperá de posibles casos desas características e na atención integral e reparación ás vítimas para que poidan recuperar a súa dignidade e liberdade. Iso só será posible coa imprescindible cooperación e implicación de todos os axentes sociais: grupos políticos, funcionariado e persoal laboral municipais, tecido asociativo, forzas e corpos de seguridade, profesionais dos sectores do ensino e da sanidade e o conxunto da cidadanía en xeral.*

*Facemos un chamamento a sumarse á causa e conmemorar este 25 de novembro porque consideramos que:*

- A violencia contra as mulleres constitúe a máxima expresión de desigualdade e combatela desde a orixe, educando en igualdade, é a mellor ferramenta para a súa erradicación.*
- Cando se maltrata a unha muller, se maltrata a toda a sociedade. O agresor debe saber que non atopará nunca complicidade polos seus actos.*
- A loita contra a violencia de xénero interpela a toda a sociedade. Temos a responsabilidade conxunta de enfrontarnos aos maltratadores e provocar o rexeitamento de toda a sociedade coa violencia e cos que a exercen.*

*Por iso, as forzas políticas con representación no Pleno do Concello da Laracha comprometémonos a:*

- Celebrar cada ano o 25 de novembro poñendo en marcha en torno a esa data iniciativas de sensibilización e denuncia dirixidas a rexeitar de plano a violencia de xénero, mostrar tolerancia cero cos maltratadores e amosar as vítimas que non están soas.*
- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas transversais encamiñadas a previr a violencia de xénero e a prestar atención integral ás vítimas.*
- Continuar reforzando a cooperación en materia de violencia de xénero entre todos os sectores profesionais implicados a través das mesas de coordinación interinstitucional.*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- *Reclamar a necesidade de dotar ás Entidades Locais dos medios necesarios para levar a cabo as competencias fixadas no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero para garantir o impulso de actuacións que contribúan á convivencia e á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.*

Asinado por:

Grupo Municipal do Partido Popular (PP).

Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE).

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).”

Gardase un minuto de silencio polas 41 mulleres mortas no 2020 vítimas da violencia de xénero, e outro polas vítimas da COVID-19. Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS DO PLENO ORDINARIO DE 25 DE SETEMBRO E DO EXTRAORDINARIO DO 12 DE NOVIEMBRE DE 2020.**

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, con carácter ordinario, o día 25 de setembro de 2020 e do extraordinario do 12 de novembro de 2020, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sen haber intervencións é sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezasete (17) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP) Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador das actas das sesións plenarias seguintes:

- Ordinaria do 25 de setembro de 2020.
- Extraordinaria do 12 de novembro de 2020

**SEGUNDO.** Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 690/2020 ata a número 947/2020 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 23/09/2020 ata o 23/11/2020.

### **3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA CONFORME AO ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

Dáse conta do informe do Interventor do Concello, Eduardo Mera Rico, sobre as Resolucións de Alcaldía conforme ao artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co seguinte tenor literal:

#### **“INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto: Resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados durante o ano 2019.**

**Lexislación aplicable:** Artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL).

Eduardo Mera Rico, Interventor do Concello de A Laracha, en virtude do previsto no artigo 218.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, INFORMA:

**PRIMEIRO.-** Relaciónanse a continuación as resolucións adoptadas polo Alcalde-Presidente do Concello da Laracha contrarias aos reparos formulados por esta intervención, e que foron remitidas o pasado 10 de xullo ao Tribunal de Contas en aplicación do artigo 218.3 do TRLRFL:

ENTIDAD	EJERCICIO	NÚM EXPTE	FECHA REPARO	FECHA RESOLUCIÓN	ÓRGANO	IMPORTE	FASE GASTO	CAUSA REPARO
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/G003/000148	27/02/2019	27/02/2019	Presidente	316.294,44	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						Común de las Administraciones Públicas)
Contratación	Contrato de servicios	73.904,30						
Contratación	Contrato gestión de servicio público	170.108,65						
Contratación	Contrato de suministro	72.281,49						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0002 82	12/04/2019	15/04/2019	Presidente	114.475,12	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						
Contratación	Contrato de suministro	73.584,02						
Contratación	Contrato de servicios	40.891,10						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0004 00	24/05/2019	24/05/2019	Presidente	66.546,15	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						
Contratación	Contrato de servicios	20.235,98						
Contratación	Contrato de suministro	46.310,17						
Ayuntamiento	2019	2019/	13/06/2019	13/06/2019	Presidente	37.077,65	Reconocimi	Se han omitido



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A Laracha		G003/0004 91					ento de la Obligación (O),	requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administracione s Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expedient e</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de servicios	10.906,52						
Contratación	Contrato de suministro	26.171,13						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0006 26	19/07/2019	19/07/2019	Presidente	190.119,20	Reconocimi ento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administracione s Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expedient e</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de suministro	10.845,38						
Contratación	Contrato gestión de servicio público	166.677,36						
Contratación	Contrato de servicios	12.596,46						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0007 01	22/08/2019	22/08/2019	Presidente	181.066,37	Reconocimi ento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						Común de las Administraciones Públicas)
Contratación	Contrato gestión de servicio público	167.602,43						
Contratación	Contrato de servicios	12.596,46						
Contratación	Contrato de suministro	867,48						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0008 08	04/10/2019	04/10/2019	Presidente	60.593,21	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						
Contratación	Contrato de servicios	27.901,75						
Contratación	Contrato de suministro	32.691,46						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0008 10	27/09/2019	27/09/2019	Presidente	52.748,41	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe						
Contratación	Contrato de obras	52.748,41						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0008 20	30/09/2019	30/09/2019	Presidente	7.698,03	Reconocimiento de la Obligación	Se han omitido requisitos o trámites que



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

								(O), pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de servicios	6.050,00						
Contratación	Contrato de suministro	1.648,03						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0008 64	15/10/2019	15/10/2019	Presidente	13.781,05	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de suministro	13.781,05						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0008 93	22/10/2019	22/10/2019	Presidente	187.244,20	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato gestión de	174.013,64						





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

	servicio público							
Contratación	Contrato de suministro	13.230,56						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0010 95	11/12/2019	11/12/2019	Presidente	13.640,94	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de suministro	3.516,28						
Subvenciones	En régimen de concesión directa	181,50						
Contratación	Contrato de servicios	9.943,16						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0012 21	30/12/2019	30/12/2019	Presidente	49.024,29	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Subvenciones	En régimen de concesión directa	3.246,00						
Contratación	Contrato de suministro	6.984,27						
Contratación	Contrato de servicios	38.794,02						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/0012 37	30/12/2019	30/12/2019	Presidente	16.483,17	Reconocimiento de la Obligación	Se han omitido requisitos o trámites que



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

							(O),	podieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de suministro	16.483,17						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G003/1079	05/12/2019	05/12/2019	Presidente	40.870,65	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de Gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>						
Contratación	Contrato de servicios	22.092,59						
Subvenciones	En régimen de concesión directa	12.192,32						
Contratación	Contrato de suministro	6.585,74						
Ayuntamiento A Laracha	2019	2019/ G00370007 86	19/09/2019	19/09/2019	Presidente	50.809,68	Reconocimiento de la Obligación (O),	Se han omitido requisitos o trámites que pudieran dar lugar a la nulidad del acto (supuestos contemplados en el art. 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)
<b>Modalidad de</b>	<b>Tipo de</b>	<b>Importe</b>						



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Gasto	Expediente							
Contratación	Contrato de suministro	27.852,93						
Contratación	Contrato de servicios	22.956,75						

SEGUNDO.- Relaciónanse a continuación as principais anomalías detectadas en materia de ingresos, e que foron remitidas o pasado 10 de xullo ao Tribunal de Contas en aplicación do artigo 218.3 do TRLRFL:

Número de Expediente	Tipo de Ingreso	Concepto presupuestario	Fase de Ejecución del Ingreso	Trámite o acto donde se produce la anomalía	Importe	Año/s en el/los que se generó el ingreso
1077/2019	Tasas	341	Reconocimiento de derechos	Liquidación por padrón	9,25 9,38	2019,
731/2019	Tasas	341	Reconocimiento de derechos	Liquidación por padrón	9,20 7,99	2019,
741/2019	Tasas	341	Reconocimiento de derechos	Liquidación por padrón	9,13 0,20	2019,
830/2019	Tasas	341	Reconocimiento de derechos	Liquidación por padrón	9,33 1,69	2019,
957/2019	Tasas	341	Reconocimiento de derechos	Liquidación por padrón	9,59 1,18	2019,

**Documento asinado dixitalmente polo interventor do Concello da Laracha, Eduardo Mera Rico”**

O Sr Alcalde toma a palabra indicando que son 16 Resolucíons de 1.195 Resolucíons de alcaldía que se asinaron durante o ano 2019, as cales fan referencia a contratos que se lles dou orde de continuación, en tanto non saia a nova adxudicación, como son os de alumeadado público, auga, recollida do lixo, que xa está adxudicado novamente, subministración de enerxía, do cal se plantexou a FEGAMP a posibilidade de contratar a través da central de compras, telefonía, o cal se sacará a concurso. Tamén está o contrato de limpeza dos edificios municipais, o cal xa está resolto. O contrato do ciclo integral da auga está ca orde de continuidade do servizo e xa se deron os primeiros pasos para a licitación, sendo o contrato mais potente.

**4.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.****4.a] MOCION DO BNG REVISIÓN DO MAPA FARMACÉUTICO.**

D. Xoan Manoel Sande Muñiz, portavoz do Grupo Municipal do BNG, dá lectura a moción presentada, a cal se transcribe a continuación:

*“Hai moitos anos que a veciñanza de Paiosaco vén reivindicando a necesidade dunha oficina de Farmacia na localidade. Tamén moitas persoas que se achegan á feira dominical amosan a súa perplexidade ante a falta dunha Farmacia no que é o segundo núcleo de poboación máis*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*importante do concello e que conta cunha das principais feiras da provincia os primeiros e terceiros domingos de cada mes.*

*A Lei 3/2019 de Ordenación Farmacéutica de Galiza establece no seu artigo 32 os “módulos de poboación”, indicando o seguinte para as zonas farmacéuticas semiurbanas (que é o caso do Concello da Laracha, xa que o artigo 31 da mesma lei define deste xeitos os concellos cun número de habitantes de entre 10.000 e 30.000):*

*“Zonas farmacéuticas semiurbanas: unha por cada dous mil cincocentos habitantes empadroados, agás que se supere esa proporción en mil cincocentos habitantes; neste suposto poderá establecerse unha nova oficina de farmacia sempre e cando se constate un incremento neto poboacional desa zona nos últimos cinco anos.”*

*A día de hoxe coñecemos o dato de que o noso concello xa supera os 11.500 habitantes, aínda que haberá que agardar a oficialidade do mesmo, e tamén se consta un incremento neto poboacional nos últimos cinco anos xa que ao remate do ano 2016 o número de habitantes era de 11.295. Así pois, e de confirmarse no remate deste ano o dato feito público nos medios de comunicación polo goberno municipal, este concello cumpriría os requisitos establecidos na vixente Lei de Ordenación Farmacéutica de Galiza para a adxudicación dunha quinta oficina farmacéutica que, loxicamente, deberá instalarse en Paiosaco.*

*Por todo isto desde o Grupo Municipal do BNG da Laracha propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

*Instar a Xunta de Galiza á revisión do mapa farmacéutico, incluíndo a concesión dunha quinta oficina farmacéutica para o concello da Laracha –en base aos criterios fixados na Lei 3/2019 de Ordenación Farmacéutica de Galiza- para a localidade de Paiosaco.”*

O Sr Alcalde sinala que os datos de empadroamento indican que a poboación ascendeu a 11.504 veciños polo que sigue habendo un aumento importante, pero os datos oficiais toman a poboación que había a 1 de xaneiro. Engade que na vindeira revisión poderían superar os 11.500 e tendo en conta a ratio de farmacia por 2.500 veciños parece que Paiosaco pode ser bo sitio, pero pode ser en outro, aínda que o ideal sería Paiosaco. Os trámites están feitos, resta que a efectos do INE se recoñeza ese aumento de poboación. Non é algo urxente.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

#### **4.b) MOCION DO BNG ESCOLA DE MÚSICA**

Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

*“Diversos estudos teñen demostrado que a aprendizaxe musical axuda ao desenvolvemento do cerebro dende idades temporás, contribuíndo a diversas áreas como a linguaxe, as matemáticas, ou incluso para reforzar ao alumnado que teña dificultades na aprendizaxe.*

*Especialmente importante é o factor motivacional que leva a experimentar diversas emocións relacionadas coa música, o cal pode facilitar a adquisición de aprendizaxes significativas. Isto é o que algúns autores denominan como experiencias fortes no aprendizaxe, é dicir, aqueles coñecementos que se alcanzan e quedan fixados por vincularse a emocións ou sentimentos.*

*Relacionado co anterior e a modo de síntese podería dicirse que a música é unha ferramenta que favorece en liñas xerais ao desenvolvemento, potenciando as capacidades cognitivas, incrementando o desenvolvemento da linguaxe e de factores que poidan axudar a hora de expresarse, relacionarse, comunicarse, etc.*

*No noso concello contamos cun forte tecido asociativo no ámbito da música tradicional, como non podía ser doutro xeito ao atoparnos nunha das comarcas de referencia no país en canto a conservación e transmisión de folclore.*

*Así mesmo, conséntase que o interese da xente nova por disciplinas noutra clase de instrumentos e dan boa conta diso as dúas escolas privadas de música que hai na Laracha, desde onde algúns logo dan o paso ao Conservatorio.*

*Sen embargo, para moitas familias esta actividade supón un esforzo económico importante non só no pagamento das clases, tamén na compra de instrumentos, ao que se debe sumar o desprazamento, especialmente se dan o paso a estudar no Conservatorio.*

*Este goberno municipal dispón de bolsas de axuda a, por exemplo, deportistas individuais, pero non se contemplan axudas económicas relacionadas coa música, algo que dende o BNG pensamos que debera corrixirse, pois é moi probable que existan rapaces e rapazas que deixaron esta actividade ou que nin sequera a comecen polo custe económico que supón para as familias.*

*Por todo o exposto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- Dotar de una liña de axudas para estudos ou actividades relacionadas coa aprendizaxe musical.*
- Valorar a creación dunha escola de música municipal no Concello da Laracha co fin de ampliar a oferta de educación musical e a promoción de novas artistas.”*

O Sr Alcalde toma a palabra indicando que hai dúas preguntas:





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Liña de axudas aos alumnos: hai unha liña de axudas a educación, desde infantil ata a universidade...matiza que si se entende como unha formación específica poderíase contemplar , pero sempre que non se pedira unha previa axuda de ESO, Universitaria etc
  - Escola de música , da conta de que se estudou a súa creación e importe pero implica un desembolso importante tanto a pública como a externalización.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

#### **4.c] MOCION DO PSdeG-PSOE SOBRE ATENCIÓN PRIMARIA PRESENCIAL.**

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

*“Despois da primeira onda da pandemia provocada pola COVID as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está a dificultar a maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está ante un novo reto que afrontar en condicións limitantes.*

*A inconcreción sobre o número de rastrexadores existentes non Sergas, sobre os que o presidente da Xunta de Galicia afirmou que Galicia tiña máis de 6.000 pero dende a Consellería de Sanidade lembrouse despois que “non se podía dar un número exacto porque non hai contratados con esa figura ningún profesional”, provoca que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que peor datos rexistra sobre coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando 2 de cada 3 orixes de infección por COVID.*

*As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en cociente de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española ao redor de 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor cociente de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está non 5,9 e a europea preto do 8). Temos o peor cociente de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).*







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. O ano pasado, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.*

*Con todo isto a Atención Primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións, ve como nos centros de saúde permanecen maioritariamente pechados e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto os pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e mesmo están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamentos. Numerosos colectivos médicos están amosando ou seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM) vén de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.*

*É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta se poda conseguir). Os anuncios da Xunta de Galicia, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte **ACORDO**:*

*O Pleno do Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Iniciar a recuperación da Atención Primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.*
- 2. Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención á Atención Primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía.”*

O Sr Alcalde sinala en primeiro lugar que non é intención do seu grupo de goberno traer a debate a pandemia actual... hoxe xa temos os peores datos da pandemia. Hai que ir xuntos e colabora con lealdade. En relación a moción presentan unha enmenda:

*“Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria, mantendo o ompromiso de dotar de medios a rede primaria”*

Engade uqe queren que todos os sanitarios estén o mais preto posible dos vecinos, que sexan atendidos da mellor maneira posible.







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **aprobada por unanimidade (17) votos a favor** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

D. Xoan Manoel Sande Muñiz sinala que comparte o punto segundo, pero o punto primeiro hai que matizalo: non é que non se faga atención presencial, pero é preciso a un filtro telefónico, sería “recuperar a posibilidade de que se poida recuperar a posibilidade de pedir cita presencial”. O que non pode haber é vinte persoas nunha sala de espera, polo que propón a seguinte emmenda para que o punto 1 se cambie a:

*“Recuperar o acceso da poboación ás citas para a atención presencial dun xeito gradual, intercalando consultas telefónicas e presenciais, de maneira que se garantan as medidas de prevención de contaxios evitando as agrupacións de persoas nas salas de espera”*

O sr. Alcalde, indica que o seu grupo, o Partido Popular presenta unha emmenda á moción e lee o seguinte texto:

*“Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais á rede de Atención Primaria de Galicia.*

### ARGUMENTARIO

*Galicia conta co Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, que xa está en desenvolvemento, que consta de 7 liñas estratéxicas, 52 obxectivos e 200 accións e que conta cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros e inclúe a creación de 331 novas prazas en categorías de atención primaria.*

*Este Plan recolle, na súa primeira liña estratéxica, a “Dotación de Recursos Humanos de Atención Primaria, adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas”.*

*Hai que precisar que a atención presencial se mantivo sempre en todos os centros de atención primaria pero, con motivo da pandemia, introduciuse unha valoración, a través dunha chamada telefónica, da necesidade da consulta presencial. Unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia senón común nas comunidades autónomas. Esta cita telefónica previa permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible con infección por Covid19, e facilita a detección precoz, e diminúe o risco de transmisión secundaria.*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*No momento actual faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 deixen de circular e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.*

*Pero tamén estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe camiñar cara un carácter máis complementario, aínda que manteña con toda seguridade un protagonismo maior que antes da pandemia. Nese sentido, o SERGAS activou un Plan de reactivación asistencial en atención primaria que recolle que a citación de pacientes se axustará a unha cadencia que minimize as concentracións de persoas, tanto nas salas de espera como nos medidos de transporte público.*

*Tamén recolle a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para iso dotouse aos centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora no seu domicilio ás persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos.*

*Para o seguimento dos pacientes crónicos tamén contamos coa plataforma TELEA, que permite a monitorización e o seguimento no domicilio de determinadas patoloxías.*

*Tamén contamos coa hospitalización a domicilio, coa Fundación Pública de Urgencias e Emerxencias Sanitarias 061 con todos os servizos que presta, e os PAC. Todos forman parte dunha rede ampla para garantir a atención sanitaria durante as 24 horas do día e os 365 días do ano en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da ausencia de persoal substituto e da viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.*

*Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos (OPES anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade, creación de especialidades en enfermería). Galicia é das poucas Comunidades Autónomas que está realizando convocatorias anuais. De feito a convocatoria da OPE 2020 sairá antes de que remate o ano, pero cunha oferta de 973 prazas e non de 3.500 prazas que eran as que se poderían contemplar se, tal e como se lle ven reiterando ao Goberno Central, levantase a limitación da taxa de reposición para o que so facía falta a vontade política de facelo. Taxa de reposición que non aparece eliminada nos novos Orzamentos do Estado.”*

Sometida a enmenda do PP ( punto primeiro) e do BNG ( punto segundo) mantendo a parte expositiva do PSOE a votación resulta **aprobada por unanimidade de (17) votos a favor** de D.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

*“Despois da primeira onda da pandemia provocada pola COVID as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está a dificultar a maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está ante un novo reto que afrontar en condicións limitantes.*

*A inconcreción sobre o número de rastrexadores existentes non Sergas, sobre os que o presidente da Xunta de Galicia afirmou que Galicia tiña máis de 6.000 pero dende a Consellería de Sanidade lembrouse despois que “non se podía dar un número exacto porque non hai contratados con esa figura ningún profesional”, provoca que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que peor datos rexistra sobre coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando 2 de cada 3 orixes de infección por COVID.*

*As políticas de recortes dous últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave non sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en cociente de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española ao redor de 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor cociente de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está non 5,9 e a europea preto do 8). Temos o peor cociente de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).*

*A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. O ano pasado, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.*

*Con todo isto a Atención Primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións, ve como nos centros de saúde permanecen maioritariamente pechados e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto os pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e mesmo están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamentos. Numerosos colectivos médicos están amosando o seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Galicia (CESM) vén de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.*

*É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta se poda conseguir). Os anuncios da Xunta de Galicia, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.**—“Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria, mantendo o compromiso de dotar de medios a rede primaria·

**SEGUNDO.**—“Recuperar o acceso da poboación ás citas para a atención presencial dun xeito gradual, intercalando consultas telefónicas e presenciais, de maneira que se garantan as medidas de prevención de contaxios evitando as agrupacións de persoas nas salas de espera”

#### **4.d] MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE GRAVACIÓNS DAS SESIÓNS PLENARIAS POR STREAMING.**

Dña. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

*“A Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas do bo goberno que debe cumprir as e os responsables públicos así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento.*

*A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro regula a transparencia e bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia e ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenrolada cunha financiación pública, así como o dereito da veciñanza a acceder á información pública.*

*Somos conscientes da necesidade de adaptar a xestión municipal ás novas tecnoloxías, ás esixencias que establece a Lei de transparencia e ao restante marco legal no relativo ao acceso electrónico da veciñanza aos servizos públicos. O sistema de gravación audiovisual das sesións de Pleno que se celebran no Concello, a súa retransmisión en directo vía streaming fará que todas as nosas veciñas e veciños teñan a información de primeira man.*

*Grazas a estas aplicacións facilítase o acceso ás sesións plenarias e aos seus documentos, tanto*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*á veciñanza como ás e aos membros da Corporación e outras persoas e entidades interesadas nos acordos que se adopten.*

*Ofrécese ademais unha ampla cobertura para que os medios de comunicación visualicen e sigan en directo o desenvolvemento dos plenos que celebre o Concello.*

*Esta é unha oportunidade para achegar a vida política e municipal ás veciñas e veciños, tendo en conta que contamos no noso municipio dunha páxina web municipal que realiza a función pública de información, co fin de retransmitir en directo as sesións plenarias, tanto ordinarias como extraordinarias que celebre a Corporación no sucesivo.*

*Os plenos celébranse ás 13:30 horas, o último venres correspondente ao mes impar, horario que non está suxeito a ningunha persoa por estar traballando a esa hora.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte **ACORDO**:*

*1.- Desenvolver os mecanismos necesarios para a emisión en directo dos plenos da Corporación para que sexan accesibles á toda a veciñanza.*

*2.- Crear, na páxina web municipal, unha hemeroteca na que queden arquivadas as gravacións íntegras de todas as sesións para que poidan ser consultadas pola veciñas ou veciños en calquera momento.”*

O Sr alcalde sinala que non o considera necesario, hai información suficiente dos plenos e de canto sucede na Laracha, calquer medio informativo pode ir o Pleno..

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis (6) a favor Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

#### **4. e) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

*“A Constitución Española contempla no seu artigo 9.2 que: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións a fin de que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e*







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

social”.

*A Lei 7/1985 reguladora da bases do réxime local tamén recolle e impulsa a idea da participación cidadá nos asuntos públicos. Trátase, por tanto, do exercicio dun dereito constitucional que se pode e se debe regular en cada un dos municipios.*

*Nós, os e as socialistas, contemplamos a participación como a base da democracia contando coa experiencia de moitos municipios nos que gobernamos e que poida servir de guía. A participación cidadá non pode limitarse a que os cidadáns e as cidadás depositen os seus votos cada catro anos e, a partir de aí, se sintan esquecidos/as polos gobernos que eles e elas mesmas elixiron.*

*Non pode ser que so uns poucos tomen as decisións políticas que afectan a toda a cidadanía e que os e as electoras as vivan como algo alleo, algo ao que dificilmente poden acceder. Esta é, sen dúbida, unha das razóns polas que existe actualmente tanta desafección da cidadanía cara os seus representantes políticos.*

*Hai que avanzar cara un novo modelo político que facilite á cidadanía a súa capacidade de asociarse e de exercer unha influencia nas decisións públicas con cidadáns e cidadás que se comprometan co día a día do seu municipio e opinen de forma ordenada e transparente sobre cuestións concretas que lles afectan.*

*Hai que buscar a participación cidadán en temas orzamentarios ou nas inversións.*

*A nosa proposta trata de garantir e posibilitar que a veciñanza sexan partícipes nas decisións que se toman dende o Concello e lles afectan directamente en materia de inversións, políticas educativas, sanitarias, medioambientais, e demais.*

*Na actualidade atopámonos ante un novo escenario provocado pola COVID-19. Circunstancias excepcionais na que se fai máis necesario que nunca contar coa opinión da veciñanza e canalizar a participación do tecido social e empresarial do noso.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte **ACORDO**:*

*Que se elabore un Regulamento específico de participación cidadá en diálogo co tecido asociativo e veciñal do municipio que inclúa a elaboración dos orzamentos de maneira participativa.”*

O Sr Alcalde manifesta que xa hai un Regulamento Orgánico no que se prevé que se expoñan as Asociacións de Veciños as súas inxerencias e problemas. En canto aos orzamentos participativos fanse onde non hai maiorías consolidadas...en conclusión non o ve necesario.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis (6) a favor Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

### 4-F] APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019

O sr. Alcalde, de acordo ao establecido nos artigos 97.3 e 82.3, en relación ao art. 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, da lectura á seguinte proposta:

#### “ – EXPOSICIÓN:

*A urxencia da inclusión do asunto na Orde do Día, xustifícase do seguinte xeito:*

*Cumprir os prazos sinalados na normativa para render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

#### - ANTECEDENTES:

*Formada a Conta Xeral do exercicio 2019, así como os anexos e documentos xustificativos de acordo co disposto no artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Regras 97 e 98 da Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.*

*Emitido informe de Intervención.*

*Ditaminada favorablemente pola comisión comisión permanente de facenda celebrada o quince de outubro do 2020 e publicada o 23 de outubro do 2020 de conformidade co previsto no artigo 212.3. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por prazo de quince días, durante os cales e oito mais non foron presentadas reclamacións, reparos ou observacións.*

*Considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**PRIMEIRO:** Aprobar e, por conseguinte, ditaminar favorablemente a Conta xeral do exercicio 2019, así como os seus anexos e xustificantes.

**SEGUNDO.** Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo .”

Sometido a **urxencia da inclusión na orde do día** a votación resulta aprobado por **unanimidade con dezasete (17)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

D. Xoan Manoel Sande Muñiz inda que se van a abster.

Dna. Palomi indica que se van a abster...engade que lle sorprende que se incluíse o Patrimonio Municipal do Solo do 2008 pero que xa consultaron co interventor e estase a espera dun informe da Deputación. Indica que hai unha baixa na execución de gastos.

O Sr Alcalde inidica que a conta Xeral recolle a liquidación do orzamento, unha boa situación económica e saneada, que permite facer uso dos remanentes para gastar en sanidade educación servicios sociais, etc Asimesmo fanse obras importantes como a de Caión neste 2019 ou ter recursos para recollida tratamento residuos ou un novo obradoiro de emprego..

#### **4-G] APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) .**

O sr. Alcalde dá lectura á seguinte moción:

“ De acordo ao establecido nos artigos 97.3 e 82.3, en relación ao art. 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , Propoño ó Pleno da Corporación :

##### **-EXPOSICIÓN**

A urxencia da inclusión do asunto na Orde do Día, xustifícase do seguinte xeito:

Ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do pleno extraordinaria urxente do pasado 26/11/2020 e tendo en conta que que o pace debe ser aprobado polo pleno da corporación e remitida toda a documentación antes do 30 de novembro.

##### **- ANTECEDENTES**

O 31.01.2019 o Pleno da corporación do Concello da Laracha aproba a adhesión do Concello da Laracha ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sustentable. No dito Pacto establécese





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

que no prazo de a 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto, se debe presentar un plan de acción (PACE).

A Orde do 5 de maio de 2020 establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedese a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020, Procedemento MT210A ( DOG nº 93 do 14 de maio de 2020). O concello da Laracha solicitou dita axuda e foi concedida por un importe de 9.000 euros, tendo que xustificar á mesma, antes do día 30 de novembro de 2020.

Para a realización do dito Plan resultou adxudicataria a mercantil Sicasoft Solutions S.L. O 23.11.2020 ten entrada no rexistro municipal o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) da Laracha (rex. núm. 202099900001634) redactado polo equipo de Sicasoft Solutions S.L.

A arquitecta técnica municipal, no día de hoxe, 24 de novembro, informou favorablemente o Plan presentado.

Ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do pleno extraordinaria urxente do pasado 26/11/2020 e tendo en conta que que o pace debe ser aprobado polo pleno da corporación. Polo anterior, esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E ENERXÍA SUSTENTABLE redactado por Sicasoft Solutions S.L presentado con . núm. 202099900001634

**SEGUNDO.-** Rexistrar dito plan no sitio web oficial da oficina do Pacto da Unión Europea”

Sometido a **urxencia da inclusión na orde do día** a votación resulta aprobado por **unanimidade con dezasete (17)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).”

A seguir prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xoan Manoel Sande Muñiz inda que é un paso adiante

- Dna. Palomi indica que non tivo moito tempo para estudar o asunto máis da conta das principais actuacións a realizar no Plan concluíndo que o van a apoiar

Finalmente sometese a moción a votación resultando aprobado por **unanimidade con dezasete (17)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

### - ROGOS E PREGUNTAS.

#### ROGOS

Non hai

#### PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

##### A) MALEZA

D. Xoan Manoel Sande Muñiz, dá lectura ao seguinte:

“Co cambio do alumeadado público por tecnoloxía LED estannos chegando moitas queixas de veciños e veciñas de núcleos rurais pola deficiente iluminación dalgúns deles. No BNG acreditamos a necesidade do aforro enerxético e a redución da contaminación lumínica, mais consideramos que isto debe facerse dun xeito equilibrado e non deixando cunha iluminación insuficiente algúns núcleos rurais mentres se sobre-ilumina algunhas zonas urbanas.

É por isto que desde o Grupo Municipal do BNG formulamos as seguintes PREGUNTAS:

Vai revisar o goberno municipal o alumeadado público de que moitas veciñas e veciños de núcleos rurais se están a queixar da súa deficiente iluminación?

O Sr alcalde indica que estase revisando, que aínda non se rematou a actuación e que hai un cambio motivado pola normativa de eficiencia enerxética. Matiza que se pasou de luz amarela a leds brancas e agora adaptase ao aforro enerxético. Finaliza sinalando que se fará a revisión , pero que é máis de adaptación ao novo alumeadado... sen perxuízo de atender o veciño

#### PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

##### A) PROTOCOLO FISICOVID- DXTGALEGO:

D. Pilar Neira Martínez formula a seguinte pregunta:

“O protocolo FISICOVID- DXTGALEGO establece unhas medidas para facer fronte á crise





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*sanitaria ocasionada pola Covid-19 no ámbito do deporte federado de Galicia. Estas medidas, están pensadas para o deporte autonómico, pero as competicións de carácter estatal, precisan outro distinto, medidas que se apliquen por igual a todas as persoas participantes, independentemente, do territorio no que desenvolvan a súa actividade.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:*

- *Están ultimados os protocolos de seguridade para a utilización por parte das persoas usuarias (federadas e non federadas) das instalacións deportivas na Laracha, para garantir a utilización dos diferentes espazos deportivos con todas as medidas de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias?*
- *Os protocolos do Concello axústanse aos que marca a Secretaría Xeral para o Deporte, ou os que marcan as federacións deportivas”*

O Sr alcade contesta que a pregunta é un pouco ofensiva...sinala que están todos os protocolos actualizados, que houbo reunións cos clubs e que estos cumpren. En definitiva que seguense os protocolos establecidos e coas revisións correspondentes

## **FOMENTO DO DEPORTE**

D. Pilar Neira Martínez formula a seguinte pregunta:

*“De acordo con coñecementos médicos, no caso dun contaxio con COVID-19, persoas cun sistema inmunolóxico forte teñen maiores probabilidades de desenvolver só síntomas leves.*

*E, debido a que actualmente non existe unha terapia ou unha vacina contra o novo coronavirus, o corpo ten que vencer a enfermidade sen axuda externa polo que o deporte debe xerar dinámicas positivas.*

*Non podemos desatender a oportunidade de impulsar actividades de lecer dirixidas a toda a cidadanía, sobre todo, para os colectivos que por razóns económicas non poden acceder ás instalacións deportivas. Actividades para todas as idades dinamizadas por persoal tecnicamente preparado.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:*

*Ten previsto realizar algún plan de promoción da práctica deportiva ou algún tipo de actuación para fomentar o deporte?”*

O Sr alcade contesta que estamos en situación de pandemia xa que en situación normal hai un programa potente. A seguir da conta do conxunto de instalacións do Concello e prezo por hora para o seu uso así como aquelas nas que non se cobra un euro.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **B) PARQUE EMPRESARIAL**

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura ao seguinte:

“O Grupo Municipal Socialista considera que o parque empresarial/industrial de A Laracha ten unha importancia transcendental no desenvolvemento socioeconómico do noso pobo e que abre un espazo de crecemento económico e de emprego.

Este grupo compartía a necesidade de prever a ampliación do mesmo con antelación suficiente a fin de evitar que posibles empresas demandantes acaben situándose noutros lugares por falta da axilidade necesaria.

Tentando ser construtivos nos temas importantes para a Laracha ofrecemos o noso apoio para impulsar esa ampliación e por iso formulamos as seguintes preguntas:

1. Ofreceuse chan municipal para a ampliación do polígono?
2. En caso positivo, que chan se ten ofrecido?
3. En que fase se atopan as actuacións para esa ampliación?”

O Sr alcade contesta preguntando que entende por oferta de solo...cómo...en que condicións....e afirma que non se trata de que o Concello compre e ceda a SEA, xa que é este quen ten que mercar parcelas e cedelas ao Concello como sucede por exemplo con XESTUR en Carballo. Porén primeiro hai que coordinarse co SEA para o que xa houbo reunións coa Presidenta, fixéronse propostas, falouse coa Xunta, levouse a Madrid..tamén hai que modificar o PXOM e facer un plan parcial con 400.000m2 de ampliación.

### **REMATE DA SESIÓN.-**

Non sendo outro o obxeto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14.37 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,

